

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO CENSO ELECTORAL

FORMACIÓN DAS LISTAS DE CANDIDATOS A XURADOS PARA O BIENIO 2027-2028

A Lei Orgánica 5/1995 do Tribunal do Xurado, de 22 de maio, mailo Real Decreto 1398/1995, de 4 de agosto, modificado polos Reais Decretos 2067/1996, de 13 de setembro e 1271/2012, de 31 de agosto, establecen o procedemento legal para a formación das listas de candidatos a xurados.

Conforme ao artigo 13.2 da Lei Orgánica 5/1995, do Tribunal de Xurado, procédese á exposición pública da lista do censo electoral vixente á data do sorteo, remitida pola Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral, durante un prazo de sete días hábiles anteriores ao acto de sorteo o **24 de setembro, ás 12.00 horas**, na sala de Xuntas da Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral (A Coruña), segundo a confirmación da Audiencia Provincial.

DATAS DE EXPOSICIÓN DO CENSO ELECTORAL:

Do 14 ao 22 de setembro de 2026, ambos inclusive.

LUGARES DE EXPOSICIÓN:

Oficinas do Concello de Muros, situadas no Curro da Praza, núm. 1

HORARIO DE EXPOSICIÓN:

De luns a venres de 8:00 a 14:00 h.

Documentación que terá que presentar a efectos da consulta:

DNI, pasaporte, permiso de conducir.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa,

María Lago Lestón